

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Ana Belén Fernández Souto
Pedro Pablo Gutiérrez
Juan Manuel Corbacho
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén
Carmen López de Aguilera
M^a Isabel Míguez
Alberto Pena Rodríguez
Román Pereiro
José Rúas Araújo
Emma Torres Romay

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ana Suárez Mariño
Carmen Maiz Bar
Alberto Dafonte Gómez
Julinda Molares Cardoso
Diana Ramahí
Pilar Martínez Borrás

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo o 25 de novembro, convocado ás 12.15h en primeira e ás 12:45 en segunda no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Orde do día

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior do 24 de setembro de 2020.

Apróbbase

2.- Informe do director.

- O director dá a benvida á profesora Talía Rodríguez que se incorpora ao departamento como resultado da súa selección na lista de agarda.

- Desexa una pronta recuperación á profesora Laura Miragaya que se atopa de baixa por enfermidade.
- Dá a benvida á profesora Beatriz Legerén como nova secretaria do departamento.
- Comunica que ten pendente de entregar o agasallo polo nacemento do neno do profesor Xabier Rolán.
- Así mesmo, aborda a situación derivada das incidencias producidas na produción científica, xa que varios docentes presentan queixas debidas á falta de valoración dos seus méritos. O director solicita que todo o profesorado que teña algunha incidencia envíe un escrito ao departamento coa finalidade de preparar unha reclamación conxunta.
- Dende hai unhas semanas xa contamos con Xiana Casás como bolseira no departamento. Unha das propostas do director é a elaboración dun vídeo de promoción do departamento e con tal motivo solicita a colaboración das persoas bolseiras de audiovisual da Facultade. Pide a palabra o profesor Jorge Lens, responsable, xunto co profesor Paulino Pérez, das persoas bolseiras de audiovisual, e informan que as bolsas de audiovisual son bolsas de formación e dependen dun docente que os titorice e que en todo caso non poden colaborar cun só departamento, xa que a bolsa depende do centro. Pide a palabra a profesora Mónica Valderrama que manifesta a posibilidade de que, dende a dirección do centro, se estude a posibilidade de elaborar un vídeo para cada departamento adscrito á mesma.
- Infórmase de que en datas próximas se anunciará a convocatoria para solicitar a saída de prazas de profesorado cara ao ano 2021. Na actualidade no departamento contamos con dous docentes acreditados como titulares e catro contratados doutores interinos e dous asociados acreditados. Dende o departamento buscarase a estabilización de todas elas.
- Informa tamén de que antes de finais de ano sairá a praza de axudante doutor, aprobada no consello de 5 de xuño. A dita praza sae con perfil da área e valorarase a presentación de proxecto docente sobre calquera das dúas das materias que constan na mesma, *avaliación da eficacia publicitaria e xestión de proxectos audiovisuais e interactivos*.

3.- Aprobación, se procede, de modificacións do POD 2020-2021.

Debido aos cambios na estrutura de dirección do centro provocada pola elección dun novo equipo decanal, derivase a necesidade de modificación do POD xa que o equipo

saínte debe recuperar horas e o equipo entrante debe reducir a súa docencia. O que provoca cambios nas asignacións de materias aprobadas en anteriores plans de organización docente.

De tal forma, faise a presentación do novo POD, unha vez consensuado cos afectados. E queda tal como se pode ver na táboa adxunta. Só se amosa o persoal docente que ve modificada a súa docencia.

Baomonde Silva, Xosé Manuel	DO	TC	257,00	70,00	G190908	Relacións públicas e comunicación solidaria	OP	1SG	25	30,00	20,00	
					M176102	Dirección estratéxica de comunicación dixital	OB	1C	4			
					G190205	Teoría e práctica das relacións públicas	OB	2SG	50	10,00		
					G070501	Estratexias publicitarias e de relacións públicas para produtos audiovisuais	OB	2SG	30	15		
					TOTAL:							
											Capacidade restante:	3,00
Bastón Carballo, María Susana	A3	P5	150,00	0,00	G190904	Comunicación de crise	OP	1SG		30,00	20,00	
					G190506	Técnicas de propaganda política	OB	1SG		15,00		
					G190701	Dirección de comunicación	OB	1SG			30,00	
					G190402	Estratexias da comunicación publicitaria	OB	2SG		40,00	15,00	
TOTAL:											150,00	
											Capacidade restante:	0,00
Formoso Vázquez, David Elisardo	A3	P6	168,00	18,00	G070502	Guión, produción e realización para televisión	OB	1SG		60,00		
					G190205	Teoría e práctica das relacións públicas	OB	2SG				
					G190604	Técnicas de relacións públicas	OB	2SG		60,00	40,00	
					TOTAL:							
											Capacidade restante:	-16,00
García Mirón, Silvia	DO	TC	203,00	24,00	G070902	Técnicas de programación para televisión	OP	1SG	30	30,00		
					G070501	Estratexias publicitarias e de relacións públicas para produtos audiovisuais	OB	2SG	30	60,00		
					G190401	Elaboración da mensaxe publicitaria	OB	2SG		15,00	30,00	
					M176103	Estratexia de contidos	OB	1C	8			
					TOTAL:							
											Capacidade restante:	-24,00
Máiz Bar, Carmen	A3	P5	150,00	30,00	G190404	Redacción e locución publicitaria	OB	1SG	0	0,00	0,00	
					G190901	Campañas de imaxe e de relacións públicas	OP	1SG	25	30,00	20,00	
					G190401	Elaboración da mensaxe publicitaria	OB	2SG		15,00	30,00	
					TOTAL:							
											Capacidade restante:	0,00
Míguez González, María Isabel	TU	TC	194,00	46,00	G190701	Dirección de comunicación	OB	1SG	50	60,00		
					M176102	Dirección estratéxica de comunicación dixital	OB	1C	7			
					M176206	Traballo Fin de Máster	OB	2C	0			
					G190205	Teoría e práctica das relacións públicas	OB	2SG		30		
					TOTAL:							
											Capacidade restante:	1,00
Pérez Feijoo, Paulino Emilio	DO	TC	227,00	46,00	G070906	Guión, produción e realización para programas de entretemento	OP	1SG	30	15,00		
					G070904	Teoría e técnica do documental	OP	2SG				
					G070203	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	FB	2SG	0			
					G071108	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	FB	2SG	30	60,00		
					G070501	Estratexias publicitarias e de relacións públicas para produtos audiovisuais	OB	2SG		45,00		
TOTAL:											180,00	
											Capacidade restante:	1,00
Ramahí García, Diana	DO	TC	232,00	84,00	G070503	Narrativa audiovisual	OB	1SG	30	60,00		
					G070904	Teoría e técnica do documental	OP	2SG	30,00	30,00		
					M176203	Desenvolvemento de narrativas audiovisuais en contextos dixitais	OB	2C	4			
					TOTAL:							
											Capacidade restante:	-6,00
Rodríguez Fernández, Fortunato	TU	TC	280,00	42,00	G071103	Comunicación: Teoría e técnica da imaxe	FB	1SG	22,5	67,50		
					G070105	Comunicación: Teorías da imaxe	FB	1SG	15			
					G070402	Animación en contornas dixitais e multimedia	OB	2SG	22,5	67,50		
					G070991	Traballo de Fin de Grao	OB	2SG	0			
					G070907	Proxectos interactivos en novos medios: telefonía móbil	OP	1SG	30	15,00		
					M176202	Infografía e visualización de datos	OB	2C	5			
TOTAL:											245,00	
											Capacidade restante:	-7,00
Torres Romay, Emma	TU	TC	138,00	24,00	G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG	50			
					G190402	Estratexias da comunicación publicitaria	OB	2SG	50	10,00		
					M176105	Análise de métricas e avaliación da eficacia en medios dixitais	OB	1C	11			
TOTAL:											121,00	
											Capacidade restante:	-7,00

Apróbase.

4.- Aprobación, se procede, da reclamación dunha alumna do Grao de Publicidade e Relacións Públicas.

A alumna Beatriz Rodríguez Gómez, solicita unha revisión da cualificación obtida na materia de *Estratexias de Comunicación Publicitaria*, de segundo curso do Grao de Publicidade e Relacións Públicas.

Da mesma forma que se fixera en ocasións anteriores neste tipo de solicitudes, propónse a creación dunha comisión formada por tres docentes aplicando o criterio de antigüidade e docencia na praza, coa finalidade de dar resposta á reclamación.

As docentes que cumpren estes criterios son: a profesora Montserrat Vázquez Gestal, a profesora Carmen López de Aguilera e a profesora Silvia García Mirón. Propórase a creación desta comisión e no caso de non poder realizarse desta forma, procederase á creación dunha comisión na que o criterio sexa a categoría e a antigüidade.

Admítese a trámite o escrito e apróbase.

5.- Presentación da proposta de orzamento para o departamento cara ao vindeiro ano 2021

O director informa de que se incrementa o orzamento en 283 euros máis.

O dito orzamento subirase á páxina web do departamento para que todos os membros podan acceder a el.

6.- Asuntos de trámite

O profesor Xosé Rúas informa da súa participación nun congreso en Colombia, en agosto de 2021. É un permiso de máis de 15 días e como está asociado a un proxecto de investigación que pecha este ano, debe solicitar a súa aprobación antes de finalizar o mesmo. Apróbase.

7.- Rolda de intervencións

O director de departamento informa que será preciso convocar outro Consello antes de final de ano para aprobar os quinquenios.

Péchase a sesión ás 14:30 h.

Pontevedra, 25 de novembro de 2020

O director do departamento

Asdo.: José Rúas Araújo



A secretaria do departamento

Asdo.: Beatriz Legerén Lago